



**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE  
ESCOLAR DURANTE O CURSO 2014 - 2015.**

O Concello de Begonte, a través da Concellería de Educación e Cultura quere contribuír á formación dos xoves do concello, mediante a concesión de axudas ao transporte escolar do curso 2014 - 2015 de modo que lles permita compensa-los gastos producidos polo seu traslado dende o lugar de residencia ata o centro educativo.

**PRIMEIRA. FINALIDADE E OBXECTO**

O Concello de Begonte pretende apoiar, durante o curso escolar 2014 - 2015, aos estudantes que cursen estudos de bacharelato, ciclos formativos de grao medio e superior, ou estudos universitarios, co fin de contribuír, na medida do posible, a paliar-lo gasto diario ou semanal, que os xoves estudantes teñen como consecuencia do seu traslado a outras localidades para cursar os referidos estudos.

Constitúe o obxecto das presentes bases regular a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, para o transporte escolar ao alumnado que curse bacharelato, ciclos formativos de grao medio e superior ou estudos universitarios durante o curso académico 2014 - 2015.

**SEGUNDA. BENEFICIARIOS**

Teñen a condición de beneficiarios os estudantes que cumpran os requisitos que se indican a continuación:

- a) Estar empadroado no Concello de Begonte durante a totalidade do curso lectivo.
- b) Estar matriculado, e asistir a clase regularmente, no curso académico 2014 - 2015 en algún dos seguintes estudos:
  - Bacharelato
  - Ciclos formativos de grao medio e superior.
  - Estudos universitarios.Quedan excluídos aqueles alumnos que dispoñan de transporte público gratuito para o desprazamento ao centro educativo.
- c) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual non superior a 10.000,00€.
- d) Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias co concello de Begonte, coa Facenda Estatal e coa Seguridade Social.

No suposto de estudantes menores de idade, terá a condición de beneficiario o pai, nai ou titor do mesmo.

**TERCEIRA. CONTÍA DAS AXUDAS**

Para a concesión das axudas convocadas destínase a cantidade de 3.000,00 €, que se financiará con cargo á aplicación 334.4801 do estado de gastos do orzamento xeral do Concello do exercicio 2015.



## CONCELLO DE BEGONTE

Os importes das axudas de transporte, por alumno e curso determinaranse en función da distancia entre a vivenda e o centro educativo, tal e como se indica na seguinte táboa:

<u>DISTANCIA EN KM</u>	<u>IMPORTE</u>
ATA 50 KM	100,00 €
MÁIS DE 50 KM	200,00 €

No caso en que as solicitudes admitidas excedan o crédito dispoñible, este ratearase entre todas elas.

### CUARTA. SOLICITUDES.

As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que poderá obterse nas oficinas municipais ou ben a través da páxina web: [www.concellodebegonte.es](http://www.concellodebegonte.es).

Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto e asinado polo solicitante (no caso de ser menor de idade deberá asinala tamén o pai, nai ou titor), presentarase a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do DNI do solicitante e, no caso de ser menor de idade, do pai, nai ou titor.
- Certificado empadramento da unidade familiar.
- Fotocopia cotexada da declaración da renda do 2013 dos integrantes da unidade familiar ou, no seu defecto, certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria. Excepcionalmente, se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar, deberá acreditala mediante informe dos servizos sociais municipais.
- Acreditación da condición de estudante mediante a entrega de copia cotexada da matrícula do curso actual, xunto coa carta de pagamento ou, no seu defecto, certificado do centro onde figure curso académico, nome do alumno, materia que estuda, e que ten aboado ou está exento do pago das taxas correspondentes.
- Declaración xurada do solicitante, ou no caso de ser menor de idade do pai, nai ou titor, de tódalas axudas solicitadas ou non e concedidas ou non, para a mesma finalidade, doutras administración ou entidades públicas ou privadas.
- Declaración xurada do solicitante, ou no caso de ser menor de idade do pai, nai ou titor, na que se exprese o seu compromiso de aplicar o importe da axuda á finalidade para a que pretende a subvención e de non incorrer en ningunha das causas que impiden obter a condición de beneficiario segundo o artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración xurada do solicitante, ou no caso de ser menor de idade do pai, nai ou titor, de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ao Concello de Begonte e a Facenda Estatal, e das obrigas coa Seguridade Social.
- Declaración xurada da distancia existente entre o domicilio e o centro de estudos.

### QUINTA. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

A solicitude presentarase no rexistro xeral do Concello de Begonte, no modelo normalizado, ou a través das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

O prazo de presentación de solicitudes será de **30 días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria na páxina web do concello e taboleiro de edictos.



## CONCELLO DE BEGONTE

### SEXTA. PROCEDEMENTO.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán revisadas por unha comisión integrada por:

- Presidente: Alcalde- Presidente do Concello ou persoa en que delegue.
- Vogais:
  - Concelleiro/a de Educación, Cultura e Deportes, ou persoa en que delegue.
  - Un representante de cada Grupo Político da Oposición na Corporación.
- Secretario: o da Corporación ou persoa en quen delegue.

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos e a documentación presentada por parte dos solicitantes a comisión emitirá unha proposta de resolución na que se especificarán os requirimentos de documentación, no seu caso, e os efectos da presentación ou non da mesma.

Esta proposta será publicada no taboleiro de edictos do Concello abríndose o prazo de 10 días hábiles para a subsanación de documentación, transcorrido este prazo a proposta será elevada a definitiva, fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederá á súa aprobación por Decreto de Alcaldía e á notificación a tódolos solicitantes.

As axudas serán concedidas a tódalas persoas solicitantes que cumpran os requisitos, tendo en conta a contía establecida no punto terceiro e sempre que exista crédito suficiente. No caso de que o importe total do crédito reservado sexa insuficiente, ratear en función das solicitudes concedidas.

### SÉTIMA. DETERMINACIÓN DA RENDA PER CÁPITA.

Enténdese por renda per cápita anual o resultado de dividir a renda familiar no ano 2013 entre o número de membros da unidade familiar computables.

Enténdese por unidade familiar a formada polo solicitante, os pais ou titores legais e os irmáns menores de 25 anos ou maiores cunha minusvalía, que convivan no domicilio familiar e dependan economicamente da unidade familiar.

Nos casos de divorcio ou separación legal, non será membro computable aquel excónxuxe que non conviva co alumno. Non obstante, se fora o caso, si se incluíría o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas entrarían dentro do cómputo da renda familiar.

Para os efectos de calcular a renda familiar, sumaranse os recadros 455 (base imponible xeral) e 465 (base imponible de aforro) da declaración da renda do ano 2013, correspondente a tódolos membros computables. Así mesmo, quen non estivese obrigado a presentar a declaración do imposto sobre a renda, deberá solicitarlle á Axencia Tributaria o certificado de imputación do IRPF do ano 2013.

### OITAVA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

O aboamento da subvención farase efectivo unha vez presentada a seguinte documentación no Rexistro Xeral do Concello:

- Facturas ou recibos que acrediten o gasto.
- No caso de que o alumno acuda ao centro de estudos en vehículo particular, presentarase declaración xurada dos quilómetros realizados durante o curso escolar, entendéndose a estes efectos que o custe por Km. é de 0,19 €.



## CONCELLO DE BEGONTE

- Declaración xurada do solicitante, ou no caso de ser menor de idade do seu representante legal, de tódalas axudas solicitadas ou non e concedidas ou non, para a mesma finalidade, doutras administración públicas ou privadas.
- Declaración xurada do solicitante, ou no caso de ser menor de idade do seu representante legal, na que se sinale que a axuda percibida foi destinada a sufragalos gastos derivados do transporte dende o lugar de residencia ao centro onde realiza os estudos.
- Certificados expedidos pola Facenda Estatal e a Tesourería Xeral da Seguridade Social de atoparse ao corrente das obrigas fiscais e da Seguridade Social a nome do beneficiario ou, no caso de ser menor de idade, da persoa que asinara a solicitude de subvención.
- Certificado do centro onde o alumno realiza os estudos, facendo constancia da asistencia ás clases.
- Certificación de titularidade de conta bancaria co IBAN da que sexa titular o solicitante ou, no caso de ser menor, do seu representante legal.

O prazo límite para presentar a documentación xustificativa será o **31 de de outubro de 2015**.

### NOVENA. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios terán as seguintes obrigas ante o Concello de Begonte:

- a) Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións.
- b) Realizar o gasto de acordo coa finalidade para a que se lle concedeu a axuda económica.
- c) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- d) Comunicar ante o Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.
- e) Asistir ás clases con regularidade.
- f) As restantes previstas na normativa reguladora de subvencións.

### DÉCIMA. COMPATIBILIDADE.

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de becas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade, sempre que a contía de tódalas axudas percibidas non supere o importe dos gastos realizados. De superarse, reducirase a contía da axuda do Concello no importe que exceda.

### DISPOSICIÓN FINAIS.

1. En todo o non disposto na presente convocatoria haberá que a terse ó disposto na lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, e demais normativa que lle sexa de aplicación.
2. A presente convocatoria publicarase no Taboleiro de edictos e páxina web para os efectos de cumprimento do requisito de publicidade.

Begonte, 28 de abril de 2015. O Alcalde.: José Ulla Rocha.